



Convenio marco entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade financeira ABANCA Corporación Bancaria, S.A., para o desenvolvemento de actuacións en materia de emprendemento, educación financeira e formación profesional

En Santiago de Compostela, a seis de outubro de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta Consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E da doutra, dona María Tatiana Suárez Cancelo, directora de Responsabilidade Social Corporativa, actuando en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., (en adiante ABANCA), segundo consta no poder outorgado ante o notario del Ilustre Colexio de Galicia don Francisco Manuel Ordóñez Armán, en data 23 de decembro de 2014 e baixo o nº 3151/14 de orden do seu protocolo.

Ámbalas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que, en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,



EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no seu punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que podan producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

Igualmente, modifícase a redacción do apartado 2 do artigo 42, que contempla que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluíra unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións Educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. Que a Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. Que o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, na súa disposición adicional segunda, contempla a relación coas empresas nos seguintes aspectos:

- a) A Consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes.



b) Esta colaboración ten a seguinte finalidade:

- Realización do módulo de formación en centros de traballo.
- Impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas, nas condicións que se determine, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- Uso polas empresas das instalacións e do equipamento dos centros, nas condicións que se determine, sempre que non interfiran no desenvolvemento das actividades docentes.
- Actualización profesional dos traballadores e as traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadias temporais do profesorado nas empresas, tanto para a formación dos seus traballadores e das súas traballadoras como para a actualización do profesorado.
- A validación das accións de formación desenvolvidas nas empresas, de acordo cos requisitos que se establezan, co fin de lles facilitar aos seus traballadores e ás súas traballadoras a obtención dun título de formación profesional.
- Desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

c) A colaboración formalizarase mediante convenio.

4. Que ABANCA é unha entidade financeira que exerce unha destacada actividade social, tanto propia como en colaboración con outras institucións. Deste xeito, dentro da estratexia de Responsabilidade Social Corporativa de ABANCA, a educación financeira ocupa un lugar prioritario e ten como obxectivo proporcionar os coñecementos necesarios para que as persoas tomen decisións informadas sobre as súas finanzas.

5. Que as partes asinantes están dispostas a colaborar nas diferentes actuacións, previstas neste convenio, co obxectivo principal de adecuar a formación ás necesidades do sector financeiro, promover o emprendemento e a educación financeira entre o alumnado; así como colaborar en distintas actuacións no eido da formación profesional.



6. E que, en consecuencia do anteriormente exposto, as entidades asinantes formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade financeira ABANCA para o desenvolvemento de actuacións sobre o emprendemento, a educación financeira e a formación profesional.

Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a) Promoción do emprendemento e a educación financeira entre o alumnado dos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma.
- b) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo (en diante, tamén “FCT”), para o alumnado que curse formación profesional inicial, e mais concretamente para o alumnado do Ciclo Superior de Administración e finanzas, e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións de ABANCA.
- c) Orientación na formación e actualización dos coñecementos do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d) Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras de ABANCA, dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.
- e) Impulsar un sistema de formación dual entendida como un conxunto de accións e iniciativas formativas mixtas, de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral nas empresas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.



- f) Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- g) Cesión de equipamentos por parte de ABANCA, en función da súa dispoñibilidade, para a realización de prácticas nos centros de formación profesional.
- h) Calquera outra colaboración de interese para ambas as partes que puidera establecerse.

Segunda. Promoción do emprendemento e da educación financeira

ABANCA desenvolverá programas que fomenten a cultura emprendedora e a educación financeira entre o alumnado dos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma. Todas estas actuacións estarán enmarcadas no “Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia” Eduemprende, que establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria lle transmitirá á comunidade educativa.

Terceira. Programa de formación en centros de traballo

Os centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional comunicarán por escrito a ABANCA o alumnado que vaia realizar o módulo de FCT nas instalacións de ABANCA para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio. Neste documento, determinarase o seu calendario e o seu horario, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo de FCT. Para a confección do calendario e do horario terase en conta a dispoñibilidade do persoal de ABANCA destinado a este tipo de actividades formativas.

O centro de traballo responsabilizarase da formación do alumnado, para o que designará aos/ás titores/as responsables de cada área formativa. O centro educativo tamén designará un/ha titor/a ou titores/as que colaborarán co/a titor/a de ABANCA na elaboración do programa formativo e no apoio técnico ao alumnado.

Cada alumno/a asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I. e observará as normas do centro de traballo no tocante á prevención de riscos, puntualidade, asistencia e comportamento. Ademais, os alumnos/as gardarán secreto sobre aquelas cuestións de carácter reservado e confidencial que puideran coñecer durante a súa



estadía no centro de traballo. ABANCA poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno/a, por incumprimento das normas, abondando para iso unicamente unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o/a titor/a do/a mesmo/a.

A participación de ABANCA no módulo de FTC non supón a adquisición de mais compromisos que os establecidos no presente convenio.

O/A alumno/a non terá, en ningún caso, vinculación laboral con ABANCA, non podendo establecerse entre esta e aquel/a ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contratos formativos, previstos no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que o alumnado acollido a este convenio queda absolutamente excluído da lexislación laboral. Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre ABANCA e o/a alumno/a, mentres non se revoque expresamente o concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e a dirección da empresa, respecto dese/a alumno/a.

Os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas nas instalacións de ABANCA, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumnado, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita e en vigor a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Cuarta. Formación e actualización dos coñecementos do profesorado

Á proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico de ABANCA, dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Para tal fin, ABANCA colaborará, mediante o oportuno apoio técnico e loxístico, no programa de formación e actualización dos coñecementos do profesorado e máis concretamente nas estancias en empresas por tempo definido, para o profesorado de formación profesional e segundo as necesidades de formación, previstas na convocatoria de



estadías en empresas que anualmente promove a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

ABANCA colaborará na formación e actualización dos coñecementos do profesorado, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en aquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese, e especialmente colaborará na obtención do título de especialización didáctica previsto para o profesorado de formación profesional inicial conforme ao Real decreto 118/2004, do 23 de xaneiro, (BOE 4/02/2004), modificado polo Real decreto 1258/2005, do 21 de outubro (BOE 8/11/2005).

Quinta. Recoñecemento da experiencia laboral dos/as traballadores/as de ABANCA

Dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria analizará con ABANCA a posibilidade de acreditar a experiencia profesional dos/as traballadores/as da empresa e convocar aquelas cualificacións profesionais vinculadas a determinados postos de traballo da mesma.

Sexta. Impulso ao sistema de formación profesional dual

ABANCA colaborará no impulso da formación profesional dual, conforme se define na cláusula primeira, apartado d), e doutras formacións en alternancia do sistema educativo a través da divulgación e implantación da formación profesional dual nos centros de traballo da empresa. Neste sentido, valorará as posibilidades de poñer en funcionamento un proxecto de formación dual co obxecto da cualificación profesional do alumnado nun réxime de alternancia de actividade laboral na empresa, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo. Este proxecto formalizarase coa firma dun convenio específico.

Sétima. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveranse as actuacións conxuntas da Consellería e de ABANCA tanto no desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional como calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.



Oitava. Cesión de equipamentos

Como soporte práctico ás actividades de formación do alumnado, ABANCA poderá ceder, en función da súa dispoñibilidade, aos centros educativos que impartan ensinanzas de formación profesional e dependentes da Consellería, aqueles equipos axeitados para a súa utilización na formación práctica destas ensinanzas durante o período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo primeira.

Ao remate do referido período de vixencia do convenio, os equipos, aos que se refire o parágrafo anterior, quedarán a disposición de ABANCA.

Novena. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión das accións concretas que derivan do presente convenio así coma para resolver, en primeira instancia, calquera cuestión que puidera xurdir entre as partes en relación coa súa interpretación, modificación, cumprimento, execución ou resolución. Aos efectos indicados, a comisión de seguimento reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

- Dúas (2) persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Dúas (2) persoas representantes de ABANCA.
- Unha (1) persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que actuará como secretaria.

Décima. Cuestións adicionais

Este convenio marco de colaboración poderá ser complementado coa firma das addendas que se consideren e que desenvolvan calquera dos aspectos contemplados neste convenio.

Décimo primeira. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de dous (2) anos, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por



escrito e con dous (2) meses de antelación á data prevista de finalización do convenio ou de calquera das súas prórrogas.

Décimo segunda. Protección de datos

As partes comprométense e obríganse a tratar de xeito confidencial calquera dato e información de carácter persoal que poidan tratar en virtude deste convenio e a cumprir adecuadamente e en todo momento as disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante, LOPD), no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD e en calquera outra normativa vixente ou que no futuro poida promulgarse sobre a materia.

De acordo co establecido na cláusula terceira, para a comunicación do alumnado que vaia realizar o módulo de FCT nas instalacións de ABANCA, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria garante a ABANCA que, con carácter previo á comunicación a ABANCA de calquera dato relativo ao alumnado, terá obtido por escrito o consentimento pleno, libre e inequívoco deste alumnado coa finalidade de que ABANCA leve a cabo o control, xestión e seguimento das actividades formativas.

Aos efectos indicados, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria informará por escrito ao alumnado de que: (i) os datos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comunique a ABANCA serán incorporados aos ficheiros de ABANCA coas finalidades anteriormente mencionadas; e (ii) que o alumnado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito, e incluíndo o seu DNI ao Departamento de Responsabilidade Social Corporativa de ABANCA, en Rúa Nueva, nº 30, 6ª planta, C.P. 15003, A Coruña.

Décimo terceira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso de ABANCA á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de



decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta. Carácter administrativo do convenio

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio por duplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

A directora de Responsabilidade Social
Corporativa de ABANCA, Corporación
Bancaria, S.A.

Román Rodríguez González

Tatiana Suárez Cancelo